




BARES, o norte do norte

Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 7 km
Dificultade: media
Duración: 2-3 horas

Achegámonos ao norte para gozar, nun pequeno espazo, de multitude de aspectos no natural, no histórico e no etnográfico.

No natural, a Estaca de Bares é o punto máis ao Norte da Península e divide as augas do Atlántico e o Cantábrico. É Sitio Natural de Interese desde 1933 e forma parte do LIC “Estaca de Bares” (926 ha). Os seus altos cantís son dun grande valor xeolóxico, polo tipo de formacións rochosas onde se atopan granitos, que se desfán en bolos, e neis “ollo de sapo”. A vexetación dominante na zona, de matogueira e especies que se asentan nos cantís, inclúe

plantas raras noutros lugares como *Linaria Polygalifolia* subsp. *Aguillonensis* ou o espárrago (*Asparagus officinalis*). É un punto privilexiado para observar as migracións das aves mariñas, en marzo en desprazamento cara ao norte e en setembro cara ao sur. Por Estaca de Bares pasan as aves que voan seguindo a costa e as que cruzan o mar, que se achegan a este punto aproveitando a súa situación norteña. As aves máis comúns son os mascatos, os parrulos pentumeiros, os corvos mariños, as gaivotas (de varias especies), as palleiras ou merdeiros, as pardelas, os falaropos... En 1988 contruíuse o Observatorio Ornitolóxico de Bares, punto de encontro de Grupos Ornitolóxicos e Naturalistas de moitos países para observar os pasos migratorios.

O Porto de Bares é dun grande interese histórico (data da Idade do Bronce, século VII a. C.) e posiblemente sexa de orixe fenicia. O Coído está formado por grandes bolos de sen labrar. Na zona apareceron tamén restos de ánforas, moedas de Caracalla e unha necrópole romana (Cancela da Coxa de Arcos).

A nivel etnográfico destacan as construcións típicas da zona e os vellos muíños de auga e de vento.

COMO CHEGAR:


Partindo da vila de Bares (Mañón) unha ruta circular de sete quilómetros, e algúns desvíos, permítenos achegarnos aos puntos de máis interese e gozar de amplas panorámicas sobre a ría do Barqueiro, a parte exterior da ría de Ortigueira, ata o Cabo Ortegá, e o mar aberto. Pódese facer a pé, en bicicleta (con moitas costas) ou en coche con pequenos desvíos a pé.



Praia de Bares



Faro de Estaca de Bares, construído en 1850. Ten un alcance de 25 millas.



A Estaca de Bares no solpor



Porto e Coído de Bares



Punta de Bares e faro.